



CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA



PROXECTO E-DIXGAL " EDUCACIÓN DIXITAL "

Curso 2023-2024

As Pontes de García Rodríguez

ÍNDICE

1. *Introdución descritiva do contexto do centro*
2. *Xustificación da solicitude*
 - 2.1 *Alumnado*
 - 2.2 *Mestres e mestras*
 - 2.3 *Familias e comunidade educativa*
3. *Tecnoloxía e velocidade da conexión á rede do Centro Educativo*
4. *Infraestrutura tecnolóxica.*
5. *Experiencia educativa coas TIC no centro*
6. *Modelo organizativo e metodolóxico previsto*
7. *Coordinación do proxecto*
8. *Procedemento de avaliación interna*
9. *Outras informacións*

1. INTRODUCCIÓN DESCRIPTIVA DO CONTEXTO DO CENTRO

2. Situación xeográfica, social e cultural

O CEIP Plurilingüe Santa María, atópase no Concello das Pontes de García Rodríguez, sito no noroeste de Galicia, na comarca do Eume na provincia da Coruña. Limita ao norte con Ortigueira e Mañón, ao sur con Monfero e Xermade, ao oeste coa Capela, As Somozas e San Sadurniño e con Muras ao leste.

O colexio está situado no centro do núcleo urbano do Concello das Pontes, na praza de América. Foi construído grazas ás achegas económicas de emigrantes das Pontes na Habana, inaugurándose o 28 de xullo de 1929. Ao ser un edificio antigo foi obxecto de varias remodelacións. A poboación do municipio chega aos 9.974 habitantes, asentada principalmente no núcleo urbano.

A economía depende principalmente da industria, destacando o sector eléctrico. Conta con numerosos parques eólicos e tres parques industriais onde se asentan empresas con moi diversas actividades. Destacar tamén a súa riqueza forestal e o aproveitamento da biomasa con fins enerxéticos.

O centro

O centro consta de dous pavillóns. No pavillón principal atópase a aula de Informática, Biblioteca, aula de Usos Múltiples, Departamento de Orientación-Audición e Linguaxe, sala de mestres, Dirección e Secretaría na planta baixa e aulas de Primaria, Inglés (usada para relixión), Pedagogía Terapéutica e Música no primeiro andar. No pavillón dous; aulas de Educación Infantil, aulas de Primaria e local da ANPA.

Matriculación no curso 2023/2024

O alumnado total no actual curso 2023-2024 é de 119 nenos/as, distribuídos do seguinte xeito:

Educación Infantil: 27 alumnos/as.

Educación Primaria: 91 alumnos/as.

3. XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE

Seguindo o Decreto 155/2022 do 15 de setembro polos que se establece o currículo da Educación Primaria en Galicia fálase de potenciar o uso das tecnoloxías da información e comunicación no alumnado.

3.1 Alumnado

O noso obxectivo fundamental para o alumnado é o desenvolvemento integral, preparamos para a vida; acadarán ese obxectivo se dende a familia e o sistema educativo lles damos as ferramentas necesarias. As nosas metodoloxías e os nosos recursos teñen que cambiar para adaptarnos á sociedade na que vivimos.

3.2 Mestres e mestras

Os mestres/as daremos resposta ao noso alumnado. Queremos que este sexa “competente”, que aplique o que sabe e o que aprende día a día ao seu contexto persoal, á vida real. Iso conseguímolos a través de tarefas de aprendizaxe integradas que inclúan todos os elementos curriculares, entre eles as competencias clave e, como non, a competencia dixital. Sabemos que o noso papel é fundamental, xa que non somos soamente transmisores de coñecemento, senón guías para o alumnado, pois eles son os verdadeiros protagonistas do seu proceso de ensino-aprendizaxe. Por este motivo, consideramos importantísimo participar dentro do proxecto E-Dixgal.

3.3 Familias e comunidade educativa

No noso centro hai unha estreita relación entre centro e comunidade educativa (Consello Escolar, ANPA, Concello...) para mellorar a vida escolar dos nosos alumnos/as. Un aspecto importante é a colaboración das familias e predisposición ás TIC. A idea da necesidade dunha educación baseada nas TIC é compartida por todos os membros da comunidade educativa.

4. TECNOLOXÍA E VELOCIDADE DA CONEXIÓN Á REDE NO CENTRO EDUCATIVO

Tal e como se recolle na convocatoria, para poder aproveitar o programa correctamente é necesaria unha conectividade á rede axeitada e uns recursos dixitais para o desenvolvemento dunha educación dixital. No CEIPP Santa María a liña principal é cable_200M_25M.

Ao longo dos cursos estanse a actualizar os puntos de conexión do centro, o que permitirá unha maior conectividade do centro.


5. INFRAESTRUTURA TECNOLÓXICA

Cando se solicitou E-Dixgal as aulas de 5.º e 6.º de Primaria foron consideradas aptas, tal como está indicado na convocatoria, pois ambas están dixitalizadas e inclúen os elementos do kit de aula dixital:

- EDI Multiclass
- Proxector
- Equipo portátil Lenovo Thinkpad 102/2015 na mesa dos mestres
- Conexión á rede de datos do centro cunha velocidade maior de 100 Mbps

Actualmente a estas dúas aula temos que engadir o carro de carga dos portátiles do alumnado e tamén os portátiles do alumnado.

Foto aulas con kit abalar



Tamén temos no centro unha aula de informática con varios ordenadores. A biblioteca, conta con diversos equipos informáticos e encerado dixital interactivo. O

resto de aulas de infantil e primaria do centro contan con un panel dixital con conexión a Internet e un ordenador.

Fotos doutras aulas



6. EXPERIENCIA EDUCATIVA COAS TIC NO CENTRO

Dende hai xa anos véñse dando unha progresiva implantación de ferramentas dixitais e das tecnoloxías no noso centro: no traballo diario, na xestión académica do centro, docente e nas comunicacións, tanto entre a comunidade educativa como entre o persoal do centro.

Todo isto veuse acrecentado pola pandemia derivada da COVID-19 que supuxo unha rápida implantación de formación dixital.

A experiencia do CEIPP Santa María no eido das TIC vén xa de lonxe e remóntase cando menos ao curso 1992/93 no que se puxo en marcha a primeira Aula de Informática. Ese mesmo curso fixouse unha hora semanal de asistencia a dita aula para os alumnos de Educación Primaria. Tratábase naquel momento de que o alumnado fixese unha primeira toma de contacto coas, daquela, Novas Tecnoloxías e que reforzase os coñecementos de aula coa axuda do programa Clic 3.0, do Quaderno de Mates e algunha outra aplicación que descubrimos, sobre todo, en contacto con outros mestres e mestras coa mesma inquiredanza e a

través dos cursos de formación que nos ofrecía a administración.

- A WEB ESCOLAR: No curso 2008-2009 incorporámonos ao proxecto de **Webs Dinámicas** ofertado pola Consellería de Educación. Desde aquela levamos xa varios anos enchendo de contido a nosa web e na actualidade hai unha comisión dentro do EDTIC que se encarga do seu mantemento.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariaaspontes/>

- Dende hai xa moitos anos solicitamos seminarios e grupos de traballo relacionados coas novas tecnoloxías, entre eles *Entorno web e as súas aplicacións didácticas* (curso 2014/15). A pretensión deste seminario foi acadar un maior coñecemento das TIC que nos permitiu mellorar a nosa práctica educativa:
 - Implicar ao profesorado na utilización das TIC como recurso educativo.
 - Coñecer o profesorado diferentes ferramentas e recursos TIC aplicables o ámbito educativo, facendo especial fincapé no uso da web do centro e das ferramentas de autor.
 - Ampliar contidos da web do centro e afianzar os blogs educativos existentes e sentar as bases de actualizacións sucesivas.

Os contidos traballados foron:

- Recursos TIC proporcionados pola Consellería de Educación.
 - Blogs educativos de ámbito autonómico e estatal.
 - Diferentes experiencias educativas que teñen como parte fundamental o emprego dos recursos TIC.
 - Web do centro.
 - Plataformas de software libre aplicables ao deseño de actividades escolares.
 - Recursos *on-line* aplicables ao deseño de actividades escolares (*webquest*, presentacións, rúbricas, mapas conceptuais)...
 - Ferramentas de autor.
 - Integración de materiais.
- Xestión académica e do centro coas plataformas da Consellería.
 - Xestión da Biblioteca escolar co programa Meiga.
 - Blogs CEIPP Plurilingüe Santa María:

- Bibliolili (Activo actualmente)
- Santa María Saudable
- Convivimos no Santa María
- EscolARTE
- Raiolas Primaria
- Raioliñas Infantil
- Skidamarink

Diariamente, nas distintas aulas, utilizan os paneis interactivos e os medios que temos dentro das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

No caso de 5º e 6º de Primaria, fan un uso diario dos portátiles proporcionados polo proxecto E-DIXGAL.

7. MODELO ORGANIZATIVO E METODOLÓXICO PREVISTO

Para a implantación do proxecto incidiremos en tres aspectos como son os recursos humanos, materiais e a organización espazo- temporal dos recursos TIC. Todo isto estará mediado por como abordamos metodoloxicamente a nosa proposta.

- **Os recursos humanos:** o profesorado do centro está implicado e comprometido coa posta en marcha do proxecto E- Dixgal, coas súas necesidades metodolóxicas e formativas. Será moi importante a coordinación entre todo o equipo docente, especialmente entre os/as titores/as de 5.º e 6.º de Educación Primaria e o resto do profesorado. Será importante tamén a implicación das familias, con compromisos, reunións..., así como a do alumnado ao que se informará e guiará, xa que é o verdadeiro protagonista do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
- **Os recursos materiais:** Na actualidade as aulas de Primaria e Infantil dispoñen de conexión a Internet, ordenadores e paneis dixitais. As aulas de 5º e 6º de Primaria inclúen os elementos do kit de aula abalar.
- **Organización espazo-temporal:** Tanto as aulas dos niveis protagonistas como outros espazos (aula de informática, biblioteca...), brindarán apoio ao proxecto. Haberá certa flexibilidade temporal en función das necesidades que vaian xurdindo arredor deste.

- **Metodoloxía:** a metodoloxía didáctica será comunicativa, inclusiva, activa e participativa, dirixida ao logro de obxectivos e competencias clave. O uso das TIC permitiranos adquirir aprendizaxes máis ricos e variados.

8. COORDINACIÓN DO PROXECTO

O equipo Abalar - E-Dixgal que imparte en 5º e 6º de Educación Primaria docencia é o que se relaciona a continuación, sendo apoiado polo resto do claustro que non imparte docencia neses niveis, pero que manifesta o seu apoio ao proxecto.

Rodrigo López-Felpeto Beres	Coordinador E-Dixgal e titor de 5º de Educación Primaria.
Aurora María Santalla Ramos	Especialista de Lingua estraxeira Inglés e Ed. Plástica Plurilingüe.
Margarita Casal Puentes	Titira de 6º de Primaria.
Santiago Sayans Amo	Especialista en Ed. Musical.
Uxia Pateiro Estévez	Especialista Relixión.
Yaiza Linaje Álvarez	Especialista en Educación Física.
O resto do equipo docente non incide directamente na docencia de 5º e 6º de Educación Primaria, pero apoia o proxecto e comprométese cos seus obxectivos. As certificacións da persoa coordinadora constan no expediente de datos persoais.	

9. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INTERNA.

A avaliación educativa ten en conta o conxunto de compoñentes do sistema educativo (obxectivos, contidos, competencias clave, metodoloxía didáctica e criterios de avaliación).

A nivel legal, ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o

currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e o Decreto 155/2022 do 15 de setembro que establece o currículo para a Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia indican a necesidade de que esta sexa global e continua, tendo en conta o progreso en todas as áreas.

Sobre os procesos de avaliación hai varios aspectos importantes que teremos moi en conta á hora de avaliar.

O profesorado: a coordinación debe ser permanente e continua, xa que é unha necesidade a nivel pedagóxico e tecnolóxico. O profesorado do centro estará informado da evolución do proxecto e tamén da súa problemática para tomar decisións e reconducir o proceso en todo momento.

En canto ao alumnado, faremos un seguimento directo para obter información do proxecto: se o que estamos a facer é útil e acadamos o logro de obxectivos e de competencias clave, en concreto a competencia dixital.

As familias serán as responsables do bo uso dos dispositivos polo que será importante establecer pautas para o seu coidado. Tamén haberá unha comunicación permanente e fluída coas familias, a través da web do centro, abalar, correo electrónico...

Avaliarase tamén o propio proxecto E- Dixgal, desde a coordinación TIC e desde a dinamización do propio proxecto en colaboración co equipo directivo e co profesorado de 5.º e 6.º de Educación Primaria. Avaliaremos o uso da plataforma por parte do alumnado na aula e na casa, o uso dos dispositivos ...